


ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA - EO

Número 26 • Outono - Inverno 2009 • 1,5 €



BACOTEXO:

DEZ PREGUNTAS PRA ÚA ENTREVISTA HETERODOXA.

ARTESANOS

PARQUE HISTÓRICO DEL NAVIA: A ESPERANZA DE NUN
SIGUIR PERDENDO EL TEMPO, DE NUN DEIXAR
PASAR MÁIS OPORTUNIDADES

HERMINIO. SIT TIBI TERRA LEVIS



- 3 BACOTEXO: DEZ PREGUNTAS PRA ÚA ENTREVISTA HETERODOXA.
Entrambasauguas
- 6 ARTESANOS.
Everardo Fernández González
- 9 PARQUE HISTÓRICO DEL NAVIA: A ESPERANZA DE NUN SIGUIE PERDENDO EL TEMPO, DE NUN DEIXAR PASAR MAÍS OPORTUNIDADES.
Aurora Bermúdez Nava
- 12 HERMINIO. SIT TIBI TERRA LEVIS.
Iván Iglesias "Cazarón"
- 15 TARDE DE BARRUZO.
Manuel García "Galano"
- 17 POEMAS
Alfredo Álvarez "Ponticiella"
- 19 BERRÓU
Raúl Monteavaro García
- 20 FILOSOFÍA DEL ACOUGO
Ricardo Saavedra Fernández - Combarro
- 21 AXENDA
- 24 EL ARCO DA VEYA.
- 26 EL HOUCHA

Edita:

Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Colaboran:

Entrambasauguas
Everardo Fernández González
Aurora Bermúdez Nava
Iván Iglesias Cazarón
Manuel García-Galano
Ricardo Saavedra Fdez.-Combarro
Alfredo Álvarez Ponticiella
Raúl Monteavaro García
Ágata García Castro

Correo y collaboracióis

Academia de la Llingua Asturiana
Apartado Correos 574
33080 - UVIÉU
Tlfno.: 985 21 18 37
Fax: 985 22 68 16
alla@asturnet.es

Diseño:

Entrambasauguas

Depósito Legal

AS-2103/96

I.S.S.N.

1137-165-X

ENTRAMBASAUGUAS nun se fai responsable das opinióis espresadas polos sous colaboradores

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 € (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____

Firma,

ENTRAMBASAUGUAS

Podése mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Manuel López, Llibrería Arte, Tutti Frutti, A Casía), **As Figueiras** (Tandy), **Castropol** (Ardura, Tandy Beatriz), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibrería San Pedro), **Taramundi** (Casa Vicente), **Bual** (Llibrería Pablo), **Grandas** (Estanco Elena Cancio), **Samarín d' Ozcós** (A Marquesita) y nas principales llibrerías d' **Uviéu, Avilés, Mieres** y **Llangréu**.



BACOTEXO: dez preguntas pra úa entrevista heterodoxa

Entrambasaugas

En Asturias danse, modernamente y nel panorama cultural, muitos momentos históricos. Ei vai ún: hai pouco –nel 2008- Dani García, Marcos Nogueiro y Ricardo Saavedra empezan úa aventura sin precedentes nel movementu musical del noso país como é a creación del primeiro grupo de rock ‘n’ roll na fala eonaviega, a veyá llingua asturiana das terras que s’encontran entre el Eo y el Navia. Y a verdá é que súan de “puta madre”. ¿Cómo lo conseguiron? En torno a estas custióis vai a entrevista qu’Entrambasaugas mantuvo cos sous compoñentes.

1. Condo érades us nenos, ¿soñástedes algúa vez con fer rock en eonaviego? ¿A qué vos súa?

- Pra ser sinceros, sí. Bacotexo é a materialización d’un proyecto imaxinao durante un bon espacio de tempo. Lo que pasa é que, condo te plantías fer daqué que nunca se fixo (a excepción das grabacióis d’Hermaos del herba seca), da un pouco de vértigo asomarse al arribada de lo desconocido, porque nun sabes ben cómo vas salir parao del salto. Por eso tardamos un pouquín en atrevernos. Nosotros pasáramos toda a vida escuitando música, tocando en grupos de rock, grabando discos y fendo xiras, pero “¿rock ‘n’ roll na fala?”: eso que llevábamos tanto tempo comentando, medio en serio, medio en broma, ¿por qué nun íbamos fello d’úa vez? Pensamos que podía ser úa búa forma d’atopar connotacióis inéditas, d’explorar novas sonoridades nel xénero del rock. Comprobamos que, féndolo con naturalidá, a fala é úa llingua perfectamente axeitada pra música contemporánea y que, pollas súas características, adáptase lamar de ben al llinguaxe del rock ‘n’ roll. Condo os Burning sacaron el sou primeiro EP de rock en castellano, alló pol 72, muitá xente pensaba qu’aquello iba ser úa fatada y decíayelo. Nun hai más que ver cómo espoixigóu el panorama da música en castellano dende entoncias...

2. ¿D’ónde ven lo de Bacotexo? ¿Por qué ese nome?

- Romina, a muyer de Marcos, ten toda a culpa del noso boutizo, que tuvo llugar nel verao del 2007, condo tábamos empezando col grupo. É curiosa a connotación que teín as palabras. Buscábamos un nome na fala pra un grupo de rock y el llabor taba resultando un embelgo, porque todos os que se nos ocurrían, a pesar da inspiración da escuridá que tía aquella noite, suábannos a folk. Asina que Romina, qu’è tapiega, propuxo “Bacotexo”, úa palabra que s’usa muito en Tapia y noutros sitios del occidente pra falar d’úa situación de desorden, de xareo. Un belén, vamos. Parecé unos lamar d’axeitao pra un grupo como el noso, porque ¿qu’è el rock ‘n’ roll sin un pouco de tollura y de dulce caos? A palabra cayéu como augua bendita sobre as nosas cabezas.

3. Cada ún de vosoutros ten úa profesión “respetable”: xeólogo, profesores... ¿Nun vos da vergonza dedicaros al rock? ¿É úa necesidá vital?

- Algúa das nosas profesioís nun ch’è tan respetable... Falando en serio, levamos úa especie de “doble vida”, pero cuas ideas mui claras. Os nosos traballos, además de ser el noso sustento vital, tán directamente relacionaos con labores sociais que nos fan sentir mui orgullosos, útiles, si se quer. El actividá musical, sin embargo, nun la entendemos en ningún d’estos sentidos: nin pretendemos que sía úa forma de ganarnos a vida, nin queremos fer uso d’ella como un arma de lluita social. Como cualquier calce artístico, é pra nosoutros un medio de conocer y espresar os sentimentos, que nun ch’è pouca cousa. Por tanto, en resposta á túa pregunta, sí, dedicarnos á música, dende esta perspectiva estética, é un xeito de necesidá vital, porque sin ella sería más fácil sentirse valleiro.



A máquina del tiempo.

4. Influencias, influencias... ¿Cuáles son os vosos referentes musicales? A ver: un grupo asturiano, español y mundial que vos preste... Xustificuen, por favor, a resposta.

- Ésta é pra nota, sin duda. Asturianos vamos decir Ilegales y Los Locos. Son a banda sonora da nosa infancia y un bon exemplo da calidá musical y lliteraria de lo que sempre houbo y hai aquí. Dous estilos estremaos, pero os dous extraordinarios pola súa personalidá y lirismo. ¿Españoles? El rock sureño dos primeiros discos de M-Clan é irresistible. Fai subir a temperatura a cualquiera. 091 y Quique González, pola súa maneira de xuntar lliteratura y rock. Y mundiales, hai que citar más d’un tamén, porque si non, vamos reñir. Elvis, por inimitable; Queen, por máxicos y melódicos, instrumental y vocalmente; Kiss, pol sou rock ’n’ roll gayoleiro; Suede, Muse, pola súa intensidá tráxica... En xeneral, cualquier tipo de rock feito con rixo y, por suposto, acompañao d’úa búa melodía y úa lletra suxerente.

5. ¿Cuál foi a crítica más inxusta que se fixo del voso primeiro disco “A máquina del tiempo”? Defendédevos agora d’ella.

- Nun conocemos ningúna crítica negativa del disco pol momento, al menos públicamente. Algúa vez achegouse dalgún borracho decirnos daqué en tono d’enfado, pero nun ye entendíamos lo que decía, asina que quedamos como tábamos. Hasta a fecha, todos os medios asturianos veín valorando mui positivamente el disco, tanto en lo musical como en lo lliterario. De feito, a mayor sorpresa pra nosoutros foi a curiosidá que suscitou el CD dende antes xa de que salira, elatención que nos prestaron en radios, prensa, TV, Internet... As nominacióís a grupo revelación del ano nos premios AMAS y á miyor canción asturiana del 2008 por “Queimar el cielo” son úa búa mostra d’ello..

6. ¿Qué decides vosoutros que dicen as vosas lletras? ¿Hai úa filosofía detrás d’ellas y úa unidá temática?

- Hai un abanico temático aberto nos textos de “A máquina del tiempo”, lo que nun quer decir outra cousa que tentamos de falar de lo que nos pide el corpo en cada momento. El única filosofía que vertebra as lletras del CD é a intención de que sían textos cuidaos que respondan a úa pulsión emocional, xa partan d’a base real ou imaxinada. Y, como a vida é traxicómica, as historias das nosas lletras circulan d’un polo al outro sin complexos. Esto é en realidá “A máquina del tiempo”: un viaxe de descubrimiento sentimental a través das cancióís del CD, que poden falar d’amor dende un punto de vista carnal (“As de corazóís”, “Submarín nuclear”) ou nihilista (“Cancióís de revolución”, “Sin munición”), como irse al tema del ausencia (“Vazamar”) ou el suicidio (“Árboles d’inverno”) pra volver outra vez á vida na súa máxima espresión (“El ouro nas redes”). Creemos que nas cancióís contemporáneas cabe un bon feixe de mundos microliterarios y qu’han a aprotetarse ben as súas posibilidades.

7. ¿Cómo s'amaña un grupo de rock como Bacotexo? ¿Quién é el líder? ¿Cuál é el proceso pra fer as lletras y as músicas? ¿A cuál vos presta más salir nos medios?

- El proceso de composición del disco foi complicaio: Dani en Jaén, Marcos en Tapia y Ricardo en Santander. Cada ún compuxo cuatro temas y pasóuyelos a os outros por Internet. Asina íbamos amañando lo dos nosos instrumentos y volvendo a mandarnos as cancióis cuas partes amecidas. D'este xeito, d'emparzaio, foi como fixemos el CD. Condo chegou el verao del 2008, xuntámonos nos ESTUDIOS FASECUATRO, de Xixón, y a grabación salíu redonda. En conto ás lletras, é verdá que Ricardo escribú más qu'el resto, pero despós puido tar más folgao, porque as voces das cancióis poinlas Marcos y Dani. Como se ve, ta todo mui repartido: ta difícil poñerye el maillot marello a naide, y nun temos nin representante. En lo referente a os medios, préstanos fer promoción porque, como todo lo relacionao col disco, supón subrayar el homenaxe que con él femos ás nosas familias y á xente da nosa terra, y porque é un reconocemento al trabayo ben feito. Pero nun hai nada comparao con tocar en directo. Nada.

8. ¿É úa impresión mía ou el disco deixa osmar algo de señardá? ¿De qué vos tais acordando?

- Pode ser, d'un xeito inconsciente. Son cousas da edá. Condo ún vai avanzando pol camín da vida, sin perder a curiosidá pollo que vai vir despós, nun pode deixar d'acordarse dacondo da xeografía emocional que deixóu detrás. Palabras, xestos, feitos, esperiencias que nun se poden esquecer, escenarios míticos, como algún del occidente d'Asturias qu'aparece nas nosas cancióis ("El muelle de fora", "Recordo")... Si a medida que vas medrando al tou puzzle vital amécenseye cada vez más pezas cargadas de significao, y el arte é a representación concreta de lo universal, qué duda cabe de qu'al componer é casi inevitable acudir a os sitios íntimos da túa memoria. É natural querer xugar con esas pezas simbólicas hasta qu'encaxen y construyan un mundo más guapo y fácil de comprender.

9. Danvos a escoyer un sitio pr'actuar, ¿ónde feiríades el concerto da vosa vida?

- Ocurrémos un par: en Tapia, na Playa del Murallón, col escenario enterrao nel arena, al pé del mar, como fain nel Festival Intercéltico,

provetando a disposición natural d'anfiteatro que ten el entorno pral público. El contesto ben podería ser úa noite de verao calurosa, grabando un disco en directo. El nordés xa lo poñeríamos nosoutros, qu'estombeiramos muito. De teloneiro, cualquiera dos grupos que nombramos antias (risas). El outro sito nel que pensamos é el Teatro Campoamor d'Uviéu, "a capital del Reino", úa actuación nel "Día das lletras asturianas". Sería un honra y tería muito significao pra nosoutros porque simbolizaría el broche d'ouro al acoyida da nosa música y, sobre todo, da nosa fala, dentro da cultura asturiana, da que nos sentimos partícipes.

10. ¿Asturias ten futuro?, ¿a cultura y a música asturianas tein futuro? ¿Cuál é el futuro que devecedes pra Bacotexo?

- Vaya preguntía. Tas falando con tres personas que se foron d'Asturias pra trabayar. A nosa visión nun che pode ser mui positiva, aunque el noso optimismo nato nun nos vai deixar nunca baxar os brazos. Cremos qu'Asturias ten úa cultura con pasao, con presente y con futuro, por suposto. Úa cultura rica en cantidá, en cálida y en diversidá. Y a música é un clarísimo exemplo d'ello: música en tres llinguas: asturiano, fala y castellano, y de todos os estilos. Si ún cita de sutaque us contos grupos dos que se poden escuitar últimamente, encontra úa mostra representativa nun momentín: Mezá, La Bandina, Alfredo González, K-Nalón, Alto Volto, Héctor Tuya, Tuenda, Dark la Eme, Felpeyu, Herbamora, Xabel Vegas, Darksun, Pablo Moro, Verdasca... ¿qué sei eu? ¡Hai tantos y tan bus! Bacotexo namás tenta de seguir fendo bon rock na fala, pasándolo ben, aportando el sou granín d'arena á música asturiana. Neste momento, tamos ensayando pra os concertos del verao, que se van actualizando en www.myspace.com/bacotexo. Xa tamos empezando a componer cancióis pral próximo disco y tamén temos pensao poñernos con versióis na fala pra os directos. ¡Vai haber algúa sorpresía!



Bacotexo tocando en Tapia.



Artesanos

Everardo Fernández González

Eran ferreiros, carpinteiros, albañiles, albardeiros, costureiras, texedoras, albeires y outros que fían cousas que, anque parecen de pouco mérito, tían muito valor. Eran artesanos.

Artesanos eran aquelas personas -homes ou mueres- que se dedicaban a fer cousas nos pueblos que tanto servicio prestaban y que, ademáis, trabayaban a un precio qu'era de pena. Eran ferreiros, carpinteiros, albañiles, albardeiros, costureiras, texedoras, albeires y outros que fían cousas que, anque parecen de pouco mérito, tían muito valor. Sin ellos, a vida sería imposible naquel tempo nel que todo había que fello a mao, sin ningúa axuda mecánica, como hoi. Aquellos homes andaban pollos montes cortando madera col tronizador y cargándola nos carros y camióis al hombro, sacando pedra nas canteiras, barrenando a maza, machacándola con porriyas y muitas máis cousas.

Parezme que merecen un recordo por todo lo que deixan trabayao sin ningúa comodidá. Nesta parroquia -como en todas- sempre houbo artesanos y muito bus. Condo ún se pon a nombrar

xente xa se sabe lo que pode pasar: que quede dalgún nel saco y eso sempre trai dalgúa rencilla, por mor dos que son da familia ou del propio interesao. Inda así, a mín sempre me gusta nombrar a aquellos dos que m'acordo, fendo saber -al tempo qu'escrivo- que, si dalgún queda, é sempre sin mala intención. ¡Faltaría máis!

Empezo por aquel ferreiro da Roda que se chamaba Alonso (el "tío" Alonso, qu'era asina como se yes chamaba as personas d'edá). El "don" era pra os de carrera y naquela ocasión na Roda nun había ningúa máis qu'a del maestro y a del cura. El tío Alonso -como xa dixen- era un bon ferreiro y fíanos aros a os nenos con úa variyía de ferro pra rodar polla carretera ou por un carreiro que se prestase. Este llabor era el que máis agradecíamos os nenos. Os outros trabayos eran de máis valor, porque amañaba toda clase de ferramentas: garruchos y eixadas, que s'usaban

muito pra cavar rozas, fer regos y muitas máis cousas. Era tamén ferreiro José Antonio, da casa Valle del Pico; Rogelio Cantelar, de Santellos; Fernando de Porcía; Manimón del Valle de San Agustín, el de Salave (hoi taller de mecánica). En Santellos, ademáis de Castelar, taba el tío José, que se dedicaba a fer clavos pra ferrar galochas, bisagras pra portas y ventás de todas as clases. Marcelino Rodil –d’Abreiras- era ferrador de caballos, pollinos y vacas y atendía toda a contornada porque era el qu’había na redonda y, ademáis, era un bon apicultor. Taba tamén Antón de Portello, pero ese era máis ben pra outras cousas de máis envergadura, porque tía tamén taller de carpinteiría unde se fían carros, muebles y todo tipo d’arabías prá terra y, condo se daba el caso –que se daba abondas veces- fíanse tamén caxas á medida pra os difuntos.

Outra clase d’artesanos eran os albañiles. Entonces chamábaseyes carpinteiros y era el nome máis acertado porque, ademáis de fer as paredes

das casas y deixallas cubertas de llouxa a mao –como Dios manda-, tían un taller na casa, qu’era pequeno pero multiuso, como se dice agora. Allí tían un banco de carpinteiro, garlopa, cepillo, úas contas trinchas, gubias, serrón y serrucho, brosa, gramil, un tarabello, barrenos de todas as medidas

–chamábanse barrenos neste caso a os tarabellos pequenos-, martillos, un mazuco de madera pra petaryes ás trinchas, el metro, el gramil, un llapiceiro, úa escuadra, a regla... Y con todo esto y pouco máis fían as ventás con contras y todo, as portas, úa maseira pr’amasar el pan, úa mesa, bancos, banquetas, un conqueiro pra poñer os platos, as concas y as cucharas, úa alacena, camas de madera de castañoero –inda teño eu nel payar úa feita por un carpinteiro y ta como el primeiro día- y cualquier outra cousa que fixese falta. Querse decir que deixaban a casa completa si fía falta sin ir a ningún taller.

Nesta parroquia había muitos carpinteiros naquel entonces. Hoi, d’aquello que trabayaban

con pedra quedan poucos. Lo que quedan son muitas casas das que fixeron que, despós de pasar de ser centenarias, tán como el primeiro día. Neste pueblo de Santellos, de deciséis casas, nun hai máis que cuatro feitas de ladrillo. As outras son todas del época da pedra.

Como dixen al empezo, nesta parroquia había muitos y bus carpinteiros: Manuel de Serafín en Villargomil, Severo del Conexo y Ramón de Xanguín da Pedra Blanca –estos dous inda viven, que son novos-, Miguel del Galano y el hermao, Ramón d’Adelsida, Servando de Sierra, Ramón de Queivida y el sou fiyo Pepe, Pepe del Horro, Domingo Parente, Balbino de Abrieras y el sou fiyo (Balbino), David Martínez, Antón de Portello, Pepe da Pena y os fiyos, Baldomero y Ramón, Jacinto da Torre y os fiyos, Javier y Gonzalo, Paco da Fonte y Patón; todos d’Acevedo. Penso que nun me queda ningún. Xa se sabe qu’ún sale d’undequera; si sale, que me perdonen os que podesen quedar. Foi sin ningúa intención.

Outros artesanos son os ebanistas que se dedicaban a fer muebles -portas y ventás-, anque estos xa tan mecanizaos, pero nun deixan de ser artesanos. El primeiro taller mecanizao que se conocéu nesta parroquia foi el de Portello, en Abrieras. D’allí saliron muitos y bus ebanistas.

Guarnicioneiro nun se conocéu na parroquia máis qu’ún que se chamaba Joaquín Ramón, conocido por El Albardeiro porque fía albardas pero tamén colleras pra os caballos, mollidas pra xoncer as vacas, dopras y cualquier artiluxo que fose de coiro. Era un verdadeiro artista nel sou trabayo y foi muito el servicio que prestóu na parroquia y fora d’ella, porque eran cousas que s’usaban diariamente y tían muito desgaste.

Escultor d’imáxenes había ún en Matafoyada que se chamaba Estébano y asina ye quedóu el nome á casa.

En Sueiro había úa muyer que se chamaba Cibrana que fía colchas con trapos qu’eran úa



Ferramentas del carpinteiro.




La Dentellière. Vermeer de Delf.

maraviya. Parece que decir que las fía de trapos é úa tontería pero era asina. De roupa veyá sacaba tiras y con ellas texíalas con un telar que tía y quedaban incluso con faxas de colores. Moríu de mui veyá. Nacera na casa d'A Veiga y allí tamén había un galocheiro que moríu mui novo y que se chamaba Bautista.

Artesanos eran os xastres y as costureiras, que las había mui búas, como eran Justa de Pellogra, María de Cuquito, as hermas da cas de Llomba –Alejandrina, Irma y Tila- que, ademáis, enseñaron a muitas nenas el oficio. Y os payeiros, que condo as mayegas, dirixían as feiturás dos payeiros: Xuaquín de Pellogra y Jesús del Carlito, de Santellos. Leandro da Cacheira, de San Xuyán era outro artesano que fía cestos de todas as clases, mesoiros y outros aparatos.

Artesanos tamén se yes pode chamar a os albeitores, qu'erán os veterinarios que tíamos nos pueblos. Nesta parroquia taba el Tío Xan das

Penasauguadas, en Villargomil, qu'era ún dos que prestóu muito servició mentres puido. Neste pueblo nun había ningún galocheiro, había qu'ir al xoves á Roda pra comprar galochas; allí había abondas y de todas as medidas. Era el calzao que s'usaba tanto d'inverno como de brao pral trabayo. Pra ben ser habían a ferrarse con clavos de ferreiro y poñeryes un pedazo de latón debaxo dos clavos, al que se chamaba a ferradura, qu'ademáis de defender a madera pra que nun se desgastase, suxetaba os clavos pra que nun cayesen al tropezar cuas pedras, pos sempre había muitas tanto nos camíos como nas carreteras. Ademáis, os clavos al cayer sempre quedaban cua punta pr'arriba y eran un peligro pra os animales -vacas y caballeirías- y nun digamos pollas carreteras, unde pinchaban as bicicletas y os coches. As cantesas, pra que nun rachasen al ter dalgún retorciyón y así sempre duraban máis. Calzándolas con us bus escarpíos eran el calzao máis quente qu'había.



Parque histórico del Navia: A esperanza de nun seguir perdendo el tempo, de nun deixar pasar máis oportunidades.

El Navia dende A Paíceiga. Foto: Ágata

Aurora Bermúdez Nava

Lo que fai único a este territorio son os espacios naturais qu'inda nun tán adulteraos, os xeitos de vida dos sous habitantes que durante tanto tempo souperon aproveitar y preservar os recursos naturais da zona, a nosa cultura rural, a nosa fala que nun se pode atopar en ningún outro rincón d'este planeta...

Se ye preguntáramos a cualquera neno qué é pra él un parque tou segura de que nun porcentaxe mui grande de casos nos contestaría qu'un sito chen d'oportunidades pra disfrutar, pra vivir con mayúsculas.

Se a pregunta yela fixéramos a os padres d'esos nenos penso qu'as respostas inda esfoutarían mais a idea de qu'el parque é un entorno especialmente axeitao pral sou desarrollo: un sito nel que poden pasallo ben, unde poden aprender a convivir cos outros nenos, unde nun hai peligros importantes y sí espacios y elementos amañosos pra os pequenos...

Dando un paso máis y estendendo a pregunta a cualquera outro sector da población píntame qu'as respostas seguirían sendo positivas.

Case todos pasamos ou temos pasao algús cachos lamar d'entreténidos nos parques y pouca xente debe d'haber que nun vexa a importancia que ten pra un pueblo dispoñer d'un d'estos espacios.

A os maiores gústayes pasiar pollos parques y tamén yes gusta sentarse un bocadín, tranquilamente, a descansar, a ver a os nenos enredar, a disfrutar del bon tempo condo lo hai. A os rapaces y rapazas préstayes muitas veces xuntarse nesos sitios pra pasar el sou tempo libre y a os que case nun lo tein por culpa del trabayo ¡quén yes dera dispoñer d'un bocadín pra ver as herbas medrar á solombra d'algún árbol!

Resumindo, qu'un parque sempre é un espacio cargao de connotacións positivas, un sito pra vivir, pra medrar, pra nun perder el tempo y aproveitar todas as posibilidades qu'ofrece.



Foto: Ágata

Eilao.

Por eso condo tuven coñecemento de que na nosa comarca s'iba puer a andar a idea d'un parque novo, el Parque Histórico del Navia, púxenme lamar de contenta, porque vin mui de presa todas as oportunidades que se nos brindaban a os que vivimos nél.

Nun dudéi nin un faraguyo de qu'esta era a ocasión que llevábamos tanto tempo esperando pra qu'el noso patrimonio cultural deixase de ser un desconocido y empezasen a xotiar pouco a pouco iniciativas pra dallo a conecer, pra conservallo, pra ferye entender a todo el mundo lo valioso qu'é y a barbaridá que sería deixarye desaparecer.

Condo falo de patrimonio cultural fágolo con úa visión global y nun podó esqueicer ningún dos elementos que lo forman.

Nese saco caben os interesantes tesouros etnográficos conservaos a lo llargo dos anos, transmitidos d'úa xeneración a outra, as indudables riquezas qu'esconde a terra en forma de restos arqueolóxicos, os muios edificios de valor hestórico y arquitectónico que s'erguen orguyosos nos nosos conceyos, el patrimonio natural que vive nos nosos ríos, nas prayas, nas serras, nos montes, a nosa llingua, tan única que nun la podemos atopar en ningún outro lugar del mundo, a música, os bailes, a tradición oral, as festas y os costumbres que nalgús casos tán a pique de desaparecer...

Xa sei qu'el meu planteamento ye pode parecer raro a muita xente. Seguramente se preguntarán qué relación pode haber entre un parque como sito d'ocio y a figura d'un parque hestórico como marca, qu'é a gran novedá que supón el Parque

Histórico del Navia, ou a lo menos ésa é a idea que se nos transmite dende a Fundación que lo xestiona.

Pois eu podó atopar algús aspectos nos qu'os dous s'asomeñan, ou a lo menos deberían asomeñarse: Se tamos falando del parque como úa marca, con un punto de vista empresarial, ¿qué buscan as empresas y os empresarios d'hoi en día? Buscan calidá, calidá que podá venderse basándose nas diferencias, en lo que fai a un produto especial y distinto dos outros, nas peculiaridades que ye fain distinguirse da gran mayoría dos demáis productos que xa tán nel mercao, buscan a diferencia...

Os grandes parques d'atraccións a os que vamos como tollos miles de visitantes cada ano, ¿qué ofrecen pra competir ús cos outros? Algúa atracción única, distinta, que nun teñan os demáis (pensemos na famosa "Tizona" de Terra Mítica ou nel non menos conocido " Dragon khan" de Port Aventura).

Agora parémonos a pensar un pouco. ¿Qué ten el noso parque histórico que nun podan atopar os visitantes noutros sitios?

Anque eu nun soi empresaria y me costa mui to ver as cousas agá como posibles negocios, si me dou conta de que nun temos, por exemplo, úa infraestructura hosteleira máis completa qu'a d'outras zonas, nun temos úas vías de comunicación nin úas redes de transporte público qu'animen a os posibles visitantes, nun temos un clima d'esos que sempre son úa garantía (¡benditos sían el barruzo y el termómetro al que ye costa caro pasar dos 25°C!), nun temos úa oferta cultural



Foto: Ágata

Eilao, ponte colgante.

espectacular, aunque a nosa súa ben interesante y cada vez máis digna... ¿qué podemos ofrecer entoncias?

Lo que fai único a este territorio son os espacios naturales qu'inda nun tán adulteraos, os xeitos de vida dos sous habitantes que durante tanto tempo souperon aprovetar y preservar os recursos naturales da zona, a nosa cultura rural, a nosa fala que nun se pode atopar en ningún outro rincón d'este planeta...

¿Pode a marca Parque Histórico del Navia permitirse ignorar esas cualidades que nos fain especiales?

As oportunidades qu' a Fundación Parque Histórico del Navia ten pr'aprovetallas son moitas, atreveríame a dicir qu'ademáis son impagables. Tuvieron a ua empresa especializada fendo un estudio, buscando y catalogando recursos y os máis importantes, os máis significativos tíanlos y siguen téndolos delante, aunque pinta que nun souperon ou nun quixeron vellos, namáis tein que saber xestionallos.

Como cidadana que vive nel parque hestórico tou devecendo por empezar a ver cómo s'usa, por exemplo, a mía llingua como llingua habitual nas publicacións y nos actos organizaos pol parque. Tou segura de qu'a xente de fora que nos visite se vei quedar pasmada, gratamente sorprendida, condo descubra que, por ter, ¡hasta temos llingua propia! y vaya reparando en cómo esa llingua s'espeya nos topónimos dos nosos lugares, por poñer un caso. ¡Vai prestaryes asgaya! Al mesmo tempo os que somos d'aquí imos a poder empezar a identificarnos con ese parque que s'espresa na mesma llingua qu'usamos a gran mayoría dos sous habitantes.

Tamén m'ilusiona moito pensar que ta al chegar el día nel qu'os recursos novos del parque y as actividades que s'organicen imos disfrutallas antias que naide os que vivimos nél y, sobre todo, en lo que teño máis esfouto é na idea de qu' esta figura del parque vai valirnos pra miyorar a nosa calidá de vida, pra ter miyores servicios y recursos á nosa disposición, pra qu'os nenos y os mozos qu'agora tán medrando nas nosas casas se podan quedar y nun teñan que buscar trabayo y oportunidades fora, porque os parques, xa lo dixemos al empezo, son sempre terra d'oportunidades.

Y, por suposto, qu'espero que todo esto se vaya fendo realidá sin perder a nosa esencia, sin deixar de ser nosoutros y sin convertirnos namáis que núa marca comercial, nun destino turístico qu'acabe perdendo el que ten d'especial porque se masifica y s'asomeña a cualquera outro destino en cualquera outro sito.

Podé que tarde un pouco en vello, pero veréilo, espero, porque xa se sabe qu'a esperanza é lo último que se perde.

Claro que todo esto lo penso porque nun vexo el parque como úa marca, nin como úa empresa que ten que producir ganancias, véxolo como lo qu'é: a mía casa, a nosa casa, a dos meus fiyos, que tamén lo foi de meus padres y de meus bolos y, claro, á casa patrucia ténseye querencia.

Ún quer vella cuidada, amañada, faiye miyoras, cambiaye cousas pr'adatalla a os tempos, pra seguir vivindo nella, non pra convertilla nun museo y que la visiten outros. A min nun me gustaría miga ter qu'encargarye á costureira un traxe cua saya hasta os pés, el zagalexo, el xustiyo y a mantella, calzar as galochas y empezar a ser úa figurante nun museo nel qu'antias a vida bullía por todos llaos.



A nosa fala nun se pode atopar en ningún outro rincón d'este planeta.



Herminio: Sit tibi terra levis.

Iván Iglesias «Cazarón»

Si nos dese aquí por querer ensinar, por fer ostentación que dirían algús, d'un xeito d'esplicar de maneira que reducísemos a un plano histórico-sociolóxico, y tamén fisiolóxico, moitas veces, el tema qu'aquí queremos contar, tíamos que fer noso, pol momento, el feito de que moitas veces pénsase qu'as obras resúmense nos sous autores, inda condo éstas, dende úa perspectiva que vaya dixerindo el tempo, -diacrónica que podíamos dicir-, perdan dalgún xeito esa condición de resumirse nel autor primeiro, na feitura primeira, pra pasar a convertirse, dalgún xeito, nun outeiro más ou menos alto unde se pode botar conta y taliar aquilo que algús deron en chamarye el Ser del pueblo, ou lo que d'outro

xeito se chama tamén, as veces, cultura popular, inda condo esta teña visos de ser eminente, crara y distinta, como diría algún pensador del Edá Moderna.

Y é que si falamos d'Herminio Álvarez, "Memi" pra os vecíos y conocidos, el feito de qu'a súa obra seña outra das súas fiyas, y ésta, como dicimos poda, a lo miyor, resumirse na súa persona, nel caso de que nun fora asina, quereríamos, úa vez que lo conocemos, qu'a lo menos ésta parecésese ben a él. Porque falar con Herminio sobre a súa obra resúmese, quizabes, nun pracer qu'a "belleza artística" desinteresada quer dar a quen pode ser testigo súa.

Herminio é un home pouso y xeitoso que ten a sabiduría que vei recoyendo cuas vivencias y tamén cua forma mui peculiar de caltrir y representar a vida, que vei recoyéndose, plásticamente falando, a lo llargo de toda a súa obra. Poñamos qu'él dice nun empituarse dos criterios teóricos que s'espoín nos llibros sobre a teoría y a tendencia artística y estética. Dice nun ller muito, vamos; pero ún dase conta de qu'inda condo a llectura apuntale algúas condicións que vein inscritas na persona, nun fai al sabio de por si.

Con Memi esto vese as craras, y fai qu'un rapaz novo, como el que esto escribe, tópose tamén coa xuventú repousada y sabia d'ua persona que xa nun coce na primeira augua, porque anduvo escaleyando xa más de seis décadas pol mundo éste. Y tamén aprendendo y aprehendendo. Y ensinando, qu'é un xeito ben nobre, pensamos nosoutros, de pasar por esta chía de caleyas que ye chaman vida.

Herminio naceu na Caridá, conceyo d'El Franco. Quizabes dar este dato seña úa condición superflua, ou que reverque das llindes de lo que queremos falar; ta claro que todo el mundo naceu nalgún sito. Però pensamos qu'el feito de ser franquín, rrellacionándose hestórica y xeográficamente cúa comarca unde as manifestacións artísticas plásticas nun deron feito fortuna hasta enguano, y que asina nun se poda topar ún con "masa crítica" algúa de personas cúa

catalogación d'artistas, enriquece inda más, se cabe, a condición personal y artística del noso autor.

Anque sí qu'é certo qu'Herminio ten algo de fruxe nesto que dalgún xeito valíuyede d'inspiración, digamos metodolóxica, al noso escultor. Úa das máximas de Herminio é el trabayo continuo. A súa produción durante estos anos é impresionante. Muitos centos de pezas saliron durante este tempo da mente y das maos (qu'igual ven a ser lo mesmo) d' Herminio.

Asina é que fruxe, tenla, dicimos. Y ben cerca nel tempo y nel sentimento. El sou difunto tío Angelito: un ferreiro da Caridá qu'Herminio da en supoñer como a persona más trabayadora del mundo. Angelito ten un museo de forxa dedicao nesta localidá: pasen y vexan. Por él tamén se conocerá a Herminio, inda condo as súas conceucióis señan ben estremadas y el recargamento de rebiliscoques y adornos na produción d'Angelito, nun teña que ver cua conceución tensional, solta, decargada y minimalista das obras d'Herminio. A lo menos na última parte da súa obra.

Y é que nel noso autor vense as craras úa dirixida evolución artística nas súas pezas. Ún qu'entróu nel sou anterior abarrotao y recardísimo estudio (hai ven pouco qu'amañóu ún novo na Caridá) pode darse conta inmediatamente da maña natural d'Herminio pra producir: El Última Cía pintada nun grao d'arroz, el campanario del iglesia da Caridá (unde se pode ver el hora que marca el sou reló) na cabeza d'un alfiler, ou el Porto nua lentexa dan sorprendente mostra d'ello. Fai xa muitos anos qu'estas engatusadoras miniaturas foron concebidas por Herminio.

Porque el noso autor empezóu pintando. Varios bodegóis que vemos nel sou estudio dan conta d'ello. Despós d'eso, a súa dedicación pasóu al escultura, valíndose d'úa montueira de materiales que, al tempo que medraba a súa capacidá de creación artística, foron plantegándose como sostén físico pra plasmación da súa obra: al principio foi el cartón, que prensaba con un inxenio

que construíu a costa d'escalabaciara cabeza con un pequenísimo motor col que conseguía estrapellar grandes cantidades d'este material. El cartón convivíu cua madera y ésta divorcióuse pra vivir sola y encherse de colores nel sou xusto término y asina poder costruir úa nova pureza das formas axudada tamén por este cromatismo. Y da madera chegamos al máximo grao d'evolución nos materiales, que pasa fundamentalmente pol aceiro, el cristal y el aluminio, sólos, ou ben en compañía, mezcras, y neste caso, sempre d'emparzao pra definición estética da obra del noso escultor.

Comenta Herminio qu'el arte ten sempre que contarnos daqué: as pezas mínimas y minimalistas da súa produción esposta en urnas trasmítennos un mundo paralelo de llimitación del adorno y d'aprehensión de ingravidez reflexada nos marcos de cristal unde se sitúan. A perspectiva, dibúxasenos tamén, tanto nestas obras como nas pezas de gran tamaño, fundamental.

Como dicíamos, el evolución dos materiales vei acompañada d'un creciente gusto pol minimalismo y a búsqueda del estructura íntima das formas y dos materiales que se condensan núas xeometrías puras y descargadas de cualquiera accesorio. A física é puro medio, queremos dicir. El fin é el arte.

Chama el atención a llimpieza y pureza nas formas últimas y os acabaos desarrollaos nas pezas del noso autor. As obras d'Herminio provocan ora úa rotura inesperada nel espacio en que se mostran, ora un reto constante a os modos de perceución estética, tan acomodaos as leyes xeofísicas qu'imperan nel noso domino observacional.

Estas obras tan preñadas secreta y pousadamente, y dende a súa estructura íntima trasmítese hacia fora úa sorprendente lluita de tensióis que reventan a perceución del observador. Y é qu'as obras d'Herminio son pra observar. Tamén pra retornos y tresmitirnos a levedá, que sublima a llixereza, del aceiro y el ingravidez das masas. Son pezas interactivas, diríamos. A rellación

del observador con ellas pasa por preguntarse pola consecución d'espacios y formas sempre novedosas nel obra d'este caridense. É el orixinalidá escultórica d'Herminio.

Parte das obras de madeira son concebidas nel sou taller estudio, y más tarde son montadas físicamente nun taller d'ebanistería nel poblo vecín de Valdepareas. Al tempo, as pesadas pezas d'aceiro (que más tarde parecerannos que queren engalar, ingravidas) reciben nel taller de forxa del sou primo Rosendo el arte mayéutico primeiro pra poder convertirse nas obras d'arte que serán.

Un proyeuto pol momento aparcao pral Atalaya de Valdepareas, fainos falar de noventa toneladas d'aceiro en dúas pezas que chegan a medir veinte metros d'altura. Sublime, entoncias, dende algúa conceución d'este término nel sen del trascendentalismo kantiano. El pracer y el temor convivindo.

En Herminio, el reto y a novedá andan os mismos camíos da mau. Horas y horas de trabayo nos sous talleres son as responsables desta dobre atribución. Con ello, peneirao, filtrao como é debido pol talento del escultor, el éxito ta garantizao. Quen observe será fiel y sorprendido testigo d'ello.

El noso Memi nun para de producir, dicimos, y a súa reputación medra sen parar. Multitú d'esposicióis solo ou d'emparzao dan búa fe d'ello en gran parte das miyores salas y ferias nacionales y nun bon feixe de galerías internacionales. El sou nome medra como parece que lo fai a linealidá pasmosa y a levedá d'algúa das súas pezas. Xapón tuvo el oportunidá de contar con él nun hai muito. El Museo de Bellas Artes d'Asturias, tamén. Y tamén, però nun lo conten ustedes, corre a lenda de qu'un llapiceiro magnético foi representao nos dibuxos animaos da tolla y xenial familia Simpson. Y en definitiva, lo dito: pasen y vexan. Y atrévanse a conocello, porque merece a pena. Y tamén, claro a suá obra, a que cada vez más, a terra écheye llixera.



Escultura na Veiga



Tarde de barruzo

Manuel García «Galano»

Colás entró na cocía pra dicirye á muyer que xa amañara el bacito –“empancéilo un pouco, hai que volar noutro”– y qu’iba ferrar el caballo, pois cua tarde barruceira que taba nun se podía fer nada fora. Tampouco é que ye dese máis. Él nun era home de présas, nun s’esmolía por pouco, y del sou son nun lo sacaba naide; por eso deixaba de búa gana el goberno da casa nas maos de Sunción.

-Leva contigo a Costante –ye contestóu ela– que nun hai quen lo bote fora.

Y é que Costante, sou hirmao, era un cimprón que ye deixara encomendado súa madre antías d’irse pral outro mundo, pois ben sabía ela qu’aquel fiyo –del qu’a xente dicía que ye faltaba úa cocedura–, nun era quén a valirse. Sunción, qu’era úa muyer de muito remango, iba sacando el que podía del pouco despexe de sou hirmao, pra que ye axudase na pequena labranza que tían, pois el xornal de Colás nun chegaba prás

cinco bocas qu’había na casa, todas con búas tragadeiras.

-Piya el paráugas, que barruza.

Y aló enveredaron os dous cuñados camín da frauga del Castrón, col caballo pol cabeceiro.

-Viremos a tempo pra mecer a Morica, nun sía que me riña Sunción.

Costante tíaye máis respeito a sua hirmá qu’a Colás; ela tríalo a rego, anque ye costase; ás veces hasta tía que berrarye como a un neno.

-Indo y vindo condo eu, nun ten nada que dicirche Sunción - contestóu Colás-, que lougo ye daría présa al ferrador pra qu’acabase axina, pois el sou pensamento al salir da casa nun era nomáis el de ferrar el caballo, sinón tamén el de botar úa partidía de cartas en Ca El Boteiro xa que cuaquela tarde cotrosa que taba supoñía que toparía con

quén felo.

-Vamos moyar a pebida- ye dice a Costante, al tempo qu'amarraba el caballo, xa ferrado, núa das argolas qu'había al pé da porta del chigre, qu'eran como el aparcamento sinalizado que tein agora os autos.

-¡Home, Colás, chegas a tempo, que nos falta ún pra botar úa partida.

Era el saludo gayoleiro que ye fia Minguín da Cova en conto lo víu entrar pola porta.

-Tou disposto, pero según con quen dos tres de compañeiro, porque tu nun sabes telas na mao -ye contestóu Colás bromiando- pero sin disimular el que lo alegraba a invitación, porque era dos qu'en conto vía úa baraxa delante íbanseye os ocos tras d'ela como si fose un imán.

-Eso vamos a velo al hora de pagar. ¡Veñan cuatro cafés ben calentes!

A partida iba parexa nel tanteo y os cuatro xugadores poñían nela tanto agayo como si se discutise daqué de múita berencia.

-¿Vein esos cafés, ou non? -ye preguntóu Mingo al taberneiro, que nun parecía esmolerse muito por atender a os parroquianos.

-Tanlos faguendo -ye respondéu Nicasio cua misma pachorra que amostraba indo y vindo dende el mostrador á cocía na qu'el augua da cafeteira empezaba a ferver nel cazo.

Tamén fervía el voltaxe na mesa dos cuatro xugadores y xa houbera os sous piques cos miróis condo ún d'elos ye reprochóu a Colás que deba haber arrastrado de sota, quitarye el trunfo col oro y quedarse al basto.

-Os miróis calan, y dan tabaco- ye contestóu un Colás focicudo-, resposta qu'el mirón encaxóu sin gurgutar, porque sabía ben as regras.

A todo esto, Mingo y el compañeiro perderon a partida, pero déronyes a revancha -que ganaron- y condo empezaron el desempate xa había un bon pedacín qu'anoitecera. Y el probe Costante, qu'iba bon que xa tomara el sou café, empezaba a esmolerse porque ye taba pasando el hora de mecer a vaca, y si nun taba a tempo pra

felo iba a comerye el alma sua hirmá. Xa yo cucara polo baxo a Colás, pero taba tan encenegado nel xogo que nun ye fia caso. Hasta tratóu d'irse prá casa.

-Non -ye contestóu sou cuñado ensiguida- tu espera y cala.

Que chegase Costante solo era tanto como delatalo de que quedaba xogando a partida, cóusa qu'a Sunción nun ye chistaba múito. Y Colás sabíalo.

A Costante nun ye cabía un grao nel cul condo volvían prá casa pensando na recartiya que ye iba a Botar sua hirmá. Colás trataba de calmalo, - "tu déixame a min"-, pero tamén él iba urdindo úa disculpa qu'a muyer admitise á primeira. Y tia que topala.

-Entra tu delante- ye pide Costante de paso que levaba el caballo prá corte, pos nun quería ser el primeiro en recibir el sofronazo de sua hirmá.

-¡Inda tardastes! - Foi el saludo de Sunción al home, sin ningúa mueca d'anoxo na súa cara-. Diye a Costante que xa mecín a vaca; cenái os dous qu'eu y os nenos xa lo fixemos, andai. Baxo lóugo. Y enveredóu deprésa por a escaleira arriba al tempo que Costante entraba axeitín pola porta esperando úa torbuada que nun ye cayéu.

Colás medio quixo empezar á darye úa explicación á muyer, pero nun ye deu tempo. Y sentíuse un póuco chafado pero, nel fondo, aliviado.

-¿Viche como nun era pra tanto? -ye dice a Costante, que nun podía crer el que taba vendoséntate que vamos cenar.

-¿Sabes qu'hasta me pasaron as ganas?.



Poemas

Alfredo Alvarez Ponticiella

BASTÉ

*Esputo traspasaba el cerco
da gateira
a deitar sou ronroneo
debaxo del escano ou da escaleira.*

*Pintaba ser más múcaro
filósofo que bardo ennovellao
en sonos d'asasín de páxaros
y mures, por enclín.
As campariás y saltapraos,
sólo enredos de pol brao.*

*Erguíaseche madrioso,
mansoño y medio zonzoz
con bon espurrimento.
Repasaba en seis barbas
como úa estrofa ripiosa
en verso blanco y asgaya
anadiplosis.*

*Nadie nunca ye notóu
se andaba en soledá
ou en compañía.
Faiáase, roncieiro, que muraba
canaos al hora de mecer,
cainzos pol tempo da matanza.*

*Pero un día, como outros,
mandúseche mudar col vento
del antroido y a ulísma
natural de repetirse,
pasadas xa seis vidas
en purísimas gatadas.*

*Que Isis ou Selene
ye consintan, á sétima, volver
en forma buitre exicia
ou en gato montés
y chegue xa, de vez,
a ser múcaro de noso,
de voz y de nación.*



Foto: Santi Castro



INVERNAIKUS

*Pardas falonpas
afoutan ás merucas;
pol tarrén, foyas.*

*Llobos famentos,
menazantes carambos:
fríos caeiros.*

*Pasa un mal aire
qu'atollece al Nubreiro;
tu, cave canem.*

*Raxen as folas;
florido vei el xardón;
de neve, as rocas.*

*Día blanco y mouro.
Peró, a vida zen qué tempo
é verdá de todo?*

FUXIDA

*Hoi vou echarme al monte
contando col Mofoso
pa escaecer d'úa vez
ás aureas proporcións
del soneto y del nautilus.*

*Ir vou a echarme al monte
por ver si vexo úa Encanta;
roubaryes polla fresca
arandos a os Esbarros,
abruños a os Esquilos,
abrogos a os Llimacos.*

*Echar échome al monte,
dereto a cá da Veya,
pa estracuñar na soma
un cerzo enrarecido
y achistar netamente
á soledá pentre a gancellá.*

*Ás veces temos tempos tollos
nos ca' entrampiamos
a muchos á esperanza.*

Berrou

Raúl Monteavaro García

Berrou.

Un allarido desesperado y escuro. Y empezou a buscalla, y empezou a correr. Alentaba cuas aletas da nariz mui abertas, como querendo tomar todo el aire del mundo. Os sous queiros rellumaban como dúas estrelas cayidas y cos oídos arrampanaba a luz del alma das cousas. Abandonao al salvaxe prazer de nun pensar pa poder sentir. Quizabes é así como cazan os llobos. Ou quizabes non, ¿quién pode sabello? Corréu días, corréu meses, corréu anos. Xelóuse nas llarguísimas noites dos países del norte, ardéu nas arenas das terras del sur y foi arrastrao pola escarabana nas infinitas estepas del este. Pero nun foi lonxe da súa terra unde, al fin, esculpidas na neve, atopou as súas pisuadas. Y chorou sin deixar de correr, sin mochicar os oídos, regayaos y tollos. Y entoncias, víu mesmo en meta d'un chao, un chao raro núa terra sin chao. Sólo Ella: Ella y a neve. Ella decíndoye que se detuvese, y El correndo inda más depresa, achegándose más y más. Y entoncias, condo taba a un metro d'Ella, pousou por fin, y sentiuse extraño despós de tanto tempo sin deixar de correr. Ella amostróuyel un cuitello. Na foya tía grabadas sete lletras: "Querote". A empunadura taba tayada na madera del árbol da mentira. Pero El nun tuvo medo y intentou chuchalla. Ella deu úa pasuada atrás y chantóuyel el cuitello nel peto. Cravou a mirada ús segundos nel corpo que cayía a os sous pés, y despós deu volta y marchou. Guapísima, arrufada, cruel y fascinante, sin mirar atrás. Y a mayoría da xente dice qu'El moría allí mesmo y qu'a súa sangre teñiu a neve del color del olvido. Pero hai dellos, us poucos, que dicen que nun moriu. Qu'a llúa apiadóuse d'El, y arrincóuyel el cuitello y tapou a mancadura. Qu'as estrelas lo arrouparon col miyor cobertor que poderon texer. Y así, de pouco y a pouco, foi espexigando hasta que, pasaos varios invernos, sentiuse con forzas pa erguerse. Y pedíuyel a llúa el nome d'outra muyer. Y a llúa deuyl, feliz de vello outra vez en pé, outra vez devecendo pola vida. Y El volvió a berrar. Un allarido de recordos, rabia y esperanza. Y empezou a buscalla, y empezou a correr. Y hai quen dice que la atopou. Pero esa xa é outra hestoria...

Que mouro el cielo del sur,
que mouro el sur del mar.
Pero cómo relluma a llúa
condo che peta na ventá,
apagándoche a noite
y encendendo a señardá.



Filosofía del acougo


Ricardo Saavedra Fernández - Combarro

Velocidá: vivir sin pensar. Nun crer en nada, nun confiar en naide. Quizabes nún mesmo. Dormir pouco, soñar esperto. Erguerse. Moverse, escuitar. Andar como nun vídeo de hip-hop: con rixo, pero sendo outro. Outiar, beber, beilar, rir, comer con présa. Meterse y nun salir: caer. Todo a un tempo. Abrir mil ventás. Mirar por todas ellas. Vello todo nun rellustro. Esfarellar el cerebro en pedacíos. Fer d'un día moitos anos. Convertir 20 en 200 km/h. Sucesión d'imáxenes: vallas, cancellas, portas. NY, LA, puchas mal postas. Porros, bancos, horas en segundos: parkour. Queimar el paraíso que se borra. Afirmar, nun dudar, cantar, nun parar, falar axina, correr, fello nun minuto, nun desemebeñar el mundo. Nada de sustos. Rodar, subir, engalar. Namás velocidá.

¿Pararse contemplar un anoitecer durante 15 minutos? ¿Botar úa tarde llando un ensayo con concentración? ¿Fer cálculos financeiros a medio/llargo plazo? ¿Quién pode enguedeyarse nel embelgo da lentitú y el futuro condo a consigna presente é vivir á velocidá da lluz? Casi todas as cousas pollas que devecemos tán agora al alcance d'un xesto mui pequenín, un clic. A xeneración más nova (xeneración google) sábelo y aprovétalo, como todos deberíamos fer, pero hemos a saber ller tamén outras consecuencias que xa tan afectándonos: d'un llao, a facilidá d'acceso bastardía en parte os productos: a cultura, por exemplo, convírtese en daqué asomeñado al augua del grifo,


un ben d'uso cotidiano que nun apreciamos abondo; d'outro llao, a rapidez con que nos chega a información incrementa esponencialmente el sou volume y hai que fer úa selección. D'ei a présa, a relación dinámica cua cultura, cua realidá y el mundo en xeneral. Hasta cos outros. Por eso, dá a sensación de que, cada vez más, a verdá del conocemento flota agora na superficie, porque costa mui caro baxar á profundidá das cousas. Tan caro como el tempo, carísimo de deter, y el esfuerzo cognitivo que supón, tanto más osidao conto menos s'exercita. Y d'esta celeridá imperiosa derívase, claro, el ansiedá por querer abarcallo todo y nun abrazar nada, el ausencia de placer na calma, el nun poder parar a pensar. Hai personas que s'asomeñan xa a islas ayías al contacto humano, navegando nel sou enorme mar (¿de gigas?) a úa velocidá vital de vértigo, sin posibilidá casi de comunicación. Cada vez más llonxe da terra firme. ¿Y qué fer delante d'este paisaxe, más ellétrico que nunca? ¿Debemos ser apocalípticos ou integraos?, preguntaría Mr. Eco. ¿Ver el veloz mundo del siglo XXI como un demo que nos rouba el noso ser ou deixarnos llevar polla deriva inevitable da nosa época, veña quen veña remando? Filosofía del acougo: ser hábil marcando os tempos, alentar, saber ir d'un llao pral outro dominando el timón na marea da historia. Erguer úa ponte de coral col pensamento y a beleza pra circular con xeito entre as islas y terra firme, pra ir polla vida entre el placer someiro y a concencia esperta.

LLIBROS



DOMINGO Y OS ANIMALES
 Autora: Belén Prieto Rico
 Ilustracións: Lulas Somoza.
 Editorial: Nobel, Uviéu 2009.

Domingo é un neno mui especial, un neno da nosa terra que Belén tuvo a sorte de conocer un ano que trabayóu na escola de San Xuan. Neste conto os máis pequenos poderán ler as súas aventuras.



BINOCA
 Autora: Marisa López Diz.
 Ilustracións: Tina García.
 Editorial: Pintar Pintar, Uviéu, 2009.

Binoca é un neno qu'atopa nun libro veyo a un personaxe máxico que lo ha llevar a un mundo chen d'aventuras onde vai descubrir lo importantes que poden chegar a ser el amista y a xenerosidá. Binoca vai ter qu'enfrentarse a muios peligros, pero, al cabo, gracias al axuda dos personaxes que vai encontrando nel camín todo ha acabar ben.



REBELIÓN NA CAIXA MÁXICA


Autora: Aurora García Rivas
 Ilustracións: Juan Díaz-Faes Díaz.
 Editorial: Trabe, Uviéu, 2009.

Alicia é úa veyía que ten úa caixa máxica d'unde salen todas as cousas que ye piden os nenos. Hasta qu'un día a caixa ponse rebeza y Alicia tenla que llevar a amañar al Mago.



COMO EL CAN Y EL GATO.
 Autora: Aurora Bermudez Nava
 Ilustracións: Neto
 Editorial: Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Uviéu, 2009.
 Este libro presenta a dous irmaos mui atravesaos, Toño y Ana, y os casos chocantes que protagonizan pra desesperación de sous padres y bolos. Llévansen, como diz el título, «como el can y el gato». As ilustracións son del dibuxante asturiano Neto.


El obra é el séptimo título da colección «Os Llibros d'Entrambasaugas», qu'edita a Secretaría Llingüística del Navia-Eo, del Academia da Llingua Asturiana con vista a aficionar a llectura a os máis pequenos.



AUGUA MANSA

Autor: Xosé Miguel Suárez
 Editorial: Trabe, Uviéu, 2009.

Despós d'us anos sin publicar Xosé Miguel Suárez volve sacar á lluz un llibro de poesía. Augua Mansa é, en palabras del escritor asturiano Pablo Texón “un canto á señardá pousada, que se conforma como un achegamento emotivo qu'implica distancia, pero interiorización (da terra, da historia, da llingua) y que presenta a voz poética como conciencia del peso histórico qu'ostenta y como medida dos records, apurrindo úa mirada personal y intresferible da memoria colectiva”




CARTOGRAFÍA DE NAYUNDES

Autor: Moncho Martínez Castro.
 Editorial: Trea, Uviéu, 2009.

“Cartografía de nayundes” é un poemario composto por decioito poemas escritos pol figueirolo


Moncho Martínez Castro. Ta editao por Trea y preséntase en edición bilingüe, cúa versión orixinal en gallego-asturiano na páxina impar y a súa tradución al castellano na par.



LLETRES LLITERARIO

Cinco son os escritores del Navia-Eo que colaboraron este ano cúa revista Lletres Lliterariu: María José Fraga, con «A muyer que quería ser río» y un poema sin título; Alfredo de Ponticella, con «De cerno y cinza», «Propostas» y «Semente»; Miguel Rodríguez Monteavaro, con «Xogos», «Mapa» y «D'al pé del outono»; Xaviel Vilareyo con «Fer»; y Aurora Bermúdez Nava, con «Col corazón na boca», «Esperanza» y «Nenos de naide».

REVISTAS



«Tratabel». Revista conavega de lliteratura é primeira revista lliteraria escrita en gallego-asturiano y ta editada pola Conseyeiría de Cultura y Turismo. Neste primeiro número publican relatos Ágata García

Castro, Aurora García Rivas, Manuel García-Galano y Marisa López Diz. En conto á poesía, os colaboradores son Moncho Martínez Castro, Xosé Miguel Suárez Fernández, Miguel Monteavaro y Belén Rico Prieto. Ademáis, «Trabatel» repasa a produción editorial en gallego-asturiano del ano 2007: Ricardo Saavedra Fernández-Combarro reseña «Fruxes da nebra», de Fredo de Carbex; Ignaci Llope ocúpase de Trinquilintainas, d'Aurora García Rivas, y «d'A terra esquecida», de Marisa López Diz; Ruth González Rodríguez analiza «Terra de pataricos», de María José Fraga; y José Manuel Martínez Castro trata de «Contos, ducia e media d'eles», d'Aurora García Rivas. As produccióis infantiles reséñanlas Rafael Cascudo Noceda («A bruxa», de Miguel Solís Santos) y Mónica Loza López («Cinco contos pra xogar coa música», d'Aurora García Rivas).

DISCOS



A MÁQUINA DEL TEMPO Asoleyouse «A máquina del tempo», primeiro disco del grupo de rock Bacotexo. Nel podense escuitar doce cantigas, todas en fala, compostas por Marcos Nogueiro, Ricardo Saavedra y Daniel García, os tres mozos que forma el grupo.



CAMIOS DE FERRO


El grupo franquín Cádaba fixo a presentación oficial del sou segundo disco d'estudio, «Camios de Ferro» nel Auditorio Municipal As Quintas, na Caridá (El Franco).

Cursos de Formación



Dentro dos Cursos de Brao del Academia de la Llingua Asturiana, que se fain na Escola de Santantolín (Ibias), volveu haber este ano outro curso da primeira fase del Programa de Capacitación en gallego-asturiano pra docentes de primaria y secundaria.

Ademáis, este ano, os cursos ampliáronse con un curso de a fundamento titula o «Ferramentas prá normalización llingüística del gallego-asturiano, de 30 horas de duración».



El conceyo del Franco organizóu un «Curso d'introducción á cultura del Navia-Eo» al qu'asistiron un bon peteiro d'interesaos achegaos de todos os conceyos dos alrededores. Nel curso, de 50 horas de duración, tratáronse temas relacionaos, col gallego-asturiano, as tradicións, as costumes y a cultura d'esta zona.

PREMIOS



Premio Xeira

En abril celebróuse nel auditorio da Casa de Cultura del Conceyo del Franco, Casa das Quintas, el acto d'entrega del XVIII Premio Xeira de narracións curtias a Iván Iglesias Cazarón, pol relato El maño. Nel acto os asistentes tiveron a oportunidade d'escuitar en directo al grupo de rock Bacotexo, que deu el sou primeiro concerto na nosa terra.

Premios AMAS

A gala dos Premios AMAS 2008 que se celebróu nel teatro Filarmónica volvéu contar este ano cunha presenza d'un grupo da terra Navia-Eo, al tar nominado Bacotexo como grupo revelación.

El mesmo grupo tuvo tamén un sitio na entrega de premios al Miyor Cantar en llingua asturiana al tar nominada a súa cantiga "Queimar el cielo".

NORMALIZACIÓN SOCIAL

Outono Cultural Bual

Concertos:
 25 de outubro: 22:00 h.
 26 de novembro: 22:00 h.
 12 de decembro: 22:00 h.

Charlas:
 29 de novembro: 20:00 h. "El asturiano vive: da germinación"
 29 de novembro: 20:00 h. "Estratexura tradicional en Bual"
 10 de decembro: 20:00 h. "Salteiros, cuartetos y outros musicos populares nel extremo occidental d'España"
 10 de decembro: 20:00 h. "Música tradicional nel occidente asturiano"

organiza: RSDORCIÓN XUVENIL MEZÁ

cajAstur BBVA

Café-Bar Gran Vía • Disco-Pub Caballeros • Restaurante-Bar El Zapagano • Bar Pérez • Bar Kava • Café A Rosa
 Restaurante-Bar A Terraza • Café-Bar El Casino • Restaurante-Bar Bar Prado • Café-Bar Lucayo

Celebróuse por primeira vez el Outono cultural de Bual. Dende a asociación xuvenil Mezá encheron Bual de búa música, charlas y activiades varias relacionadas cunha nosa cultura y a nosa fala.

A Veiga, 13 de outubro de 2008
 Casa da Cultura Navia-Eo

programa

1.º

Encontro d'escritores en Galego-Asturiano

Amañóuse na Veiga el I Encontro d'escritores en gallego-asturiano. Ademais nel marco d'esta xunta presentóuse a revista de literatura Trabatel y fíxose un homenaxe a Manuel García Galano, un dos máis veteranos escritores na nosa fala.

Feria del libro en Navia

El fin de semana del 24 y 25 d'abril houbo en Navia úa feria del libro unde tamén tuvo el sou sitio a lliteratura en gallego-asturiano. Entre as presentacións y firmas de llibros, hai que destacar a presenza del autora franquía María José Fraga, que vai firmóu exemplares del sou poemario "Terra de pataricos" y del sou libro de narracións "Cua luz prendida".

Festival Intercéltico d'Occidente

FIDIO

desde 1997

12 a 23 de Agosto de 2009

Tapia de Casariego Asturies

El Festival Intercéltico d'Occidente volvéu encher Tapia d'activiades na súa decimoterceira edición. Entre os días 13 y 23 d'agosto tapiegos y

visitantes poderon disfrutar de diversas esposicións, charlas, talleres, mercao tradicional, concursos, proyeccións, etc. Però el prato forte siguen sendo os actos relacionaos cunha música tradicional con talleres musicales, pasacayes de bandas de gaitas y os concertos de música folk da Praya del Murallón. Este ano os asistentes disfrutaron da música dos grupos Tuenda, os canadienses Le Vent du Nort, os bretóis Maneg Tort y os británicos McGoldrick, asina como á das diversas bandas que, xunto col grupo de teatro Nun Tris, fixeron máis máxica que nunca a noite del sábado 21 d'agosto.

Úa das novidades d'este ano ta relacionada cunha nosa llingua, pos botóu a andar el ciclo Culturlingua. Unde houbo úas charlas sobre a llingua y a cultura del Navia-Eo asina como úa esposición y venta de llibros en conaviego.

Falando da Nosa Terra

Recorre nuestra historia, costumbres y forma de vida desde la mirada de sus protagonistas: Las personas mayores.


Villanueva de Oscos
 4 de agosto 11:30h. Lugar: Castro
 13 de agosto 11:30h. Lugar: Martul

Santa Eulalia de Oscos
 6 de agosto 11:30h. Lugar: Barcia
 18 de agosto 11:30h. Lugar: As Barreiras

San Martín de Oscos
 11 de agosto 11:30h. Lugar: San Pedro Agüeiro
 20 de agosto 11:30h. Lugar: Mon.

Nos Ozcós celebraron a terceira edición del programa cultural "Falando da Nosa Terra". Trátase d'úa activiada na que os máis veyos das aldeas dialogan coa xente que quira acudir sobre todo tipo de temas, especialmente da vida d'antano.

El Arco da Veya El Arco da Veya El Arco da Veya



A clase de galego-asturiano da escola pública Príncipe d' Asturias de Tapia é un espacio nel qu' axugan sin problemas a tradición y a modernidá, nel que podemos ter presentes a un tempo as costumes mais antigas y el uso das novas tecnoloxías, nel que tratamos temas mui variaos, dende os contos tradicionais á defensa y el cuidao del noso patrimonio natural y cultural.

Sempre que se pode tamén femos algún viaxín pr' achegarnos un pouco mais a esta terra na que temos a sorte de vivir y que muitas veces nin siquiera conocemos ben.

Como mostra de qu'esto ven sendo asina dende hai muito tempo aquí tan estos trabayos feitos por nenos y nenas de distintas edades neste curso 08-09 qu' acabamos de pechar. Y tamén úas fotografías des nosos viaxes a Bual y as Covas d'Andía.

EL GUINALDO

Esta coplía ta feita polos nenos y nenas de 4º da escola pública de Tapia. Xurdíu na clase de galego-asturiano al trabayar as tradicións vinculadas ás festas de navidá . Muitos dos alumnos nun sabían lo qu'é el guinaldo, condo se pide y cómo se fai pra pidilo, asina que, basándonos noutras coplas y puendo a imaxinación a funcionar elos compuxeron ésta pra nun esquecer ua tradición tan guapa.


*Pidimos el guinaldo,
díanoslo usté xa
que temos muita fame
y queremos ir xantar.*


*Díanoslo, por favor,
vimos pidirye cuartos
pra comprar de comer
y acabar ben fartos.*

*Gracias por atendernos,
vámonos mui contentos,
temos os bolsos chíos
y triámoslos valeiros.*

*Escúitenos cantar
el noso villancico
y se nos sale mal
¡ nun revinxá el focico!.*

El Arco da Vera El Arco da Vera El Arco da Vera





A crencia de que nese sito houbo un conxunto hestórico d'esa categoría, é muito máis antiga qu'a propia presenza dos Agustinos en Tapia (1904 –1927), pos xa estudiosos da talla de: Alejandrino Menéndez de L. Luarca, Marcelino Fernández y Fernández, Justo Álvarez Amandi, Conrado Villar, Miguel García Teijeiro ó José Rodríguez Fernández, entre outros moitos, afirmaban qu'esos restos eran fruto del trabayo dos homes del Edá de Pedra, incluso foron máis lonxe, al asegurar qu'atoparon grabada nun d'elos a palabra JAINKUA, que según estos autores, era algo asina como el nome del dios ignoto dos celtas.

Hoi xa quedou demostrao que nada d'eso é asina, y qu'esos grandes penedos qu'aporondan da costa, son tan solo el cerno, as partes máis duras da pedra, aquelas coas qu'a erosión a lo longo del tempo inda nun puido, ¡cómo pra fiarse d'algús hestoriadores!. Pero, a pesar de todo lo dito, siguen sendo úa autentica maravilla da natureza, y pola súa beleza y a del sito unde s'atopan, merecen ser visitadas y conocidas.

Dende estas líneas hai que denunciar el actuación vandálica de polo menos dous individuos que cincelaron os penedos cos sous nomes y as súas fechas de nacemento. A pesar de que se denunciou el feito, parece ser que nadie tomou medidas y os Penedois da Peneirada agora mesmo presentan un estao lamentable coas inscripciós a modo d'esquelas tayadas con algún apareyo eléctrico.

Tein, ademáis, úa veyísima lenda, na que se cunta que todos os anos na noite de San Xuan, son visitadas por úa Encantada qu'engarabitada na pedra que vemos nel retrato, peña as súa gadeyas con un peñe d'ouro y petrifica as mueres que se ye quedan mirando. Nas súas entrañas hai un tesouro que solo se pode coyer nesa noite máxica col empuxe d'úa parexa de bois novos. Que pena qu'a Encantada non houbese salido a uxar a os desalmaos que rayaron el sou Penedón ou los houbese deixao un bocadín transformaos en penedos chantaos nel prao pra qu'escarmentaran.

¡Ah, Antias de que se m'esqueiza! Aquí el 23 de xunio de 1928, víspora de San Xuan, ¡que cousas ten a vida!, esas grandes pedruas foron mudos testigos da perdida, xusto debaxo d'elas, del famoso buque de bandeira holandesa Valquembur, qu'había vido a cargar mineral de ferro das minas de Porcía pra levalo a Holanda a desulfurar, pero..., en fin, esa xa es úa hestoria que convén cuntar outro día.

El Houcha

Diego Fernández Méndez

A fotografía ten 84 anos, foi feita un día cualquiera del curso académico de 1924, y publicada en agosto d'ese ano pol periódico Región. El sou autor foi el padre Otero, nese momento profesor del Colexo de Santa Isabel de Tapia.

Na mesma vemos a algús dos profesores y alumnos del citao colexo na Peneirada, Campos, Tapia, cerca da desembocadura del río Porcía. Alí, na Peneirada, atópanse os famosos Penedois da Peneirada, consideraos hasta fai mui poucos anos monumentos megalíticos. El qu'aparece na foto é el que todos os estudiosos d'aquel tempo consideraban un menhir, y ta sendo, como se puede apreciar, investigao por esos profesores y alumnos.



Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTA NA ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA



Gobiernu del
Principáu d'Asturies